

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

# INDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS DUN PLAN DE CONVIVENCIA .....	4
1.1. PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS .....	4
1.2. A NOSA LECTURA DA LEI DE CONVIVENCIA E A FUNCIÓN DO PROFESOR.....	6
2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO .....	9
2.1. QUE SOMOS E COMO SOMOS? .....	9
2.2. COMO ESTAMOS NO MARCO DA CONVIVENCIA .....	12
2.3. ACTUACIÓNS REALIZADAS PARA FAVORECER O ACTUAL MARCO DA CONVIVENCIA.....	14
2.4. CONCLUSIÓNS .....	17
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	18
4. ACTUACIÓNS, MEDIDA E PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.....	19
4.1. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS A DESENVOLVER .....	19
4.2. PERSOAS, ÓRGANOS RESPONSABLES, PERSOAS DESTINATARIAS E PROCEDEMENTOS A SEGUIR.....	22
5. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	23
5.1. NORMAS DE CONVIVENCIA ACTUAIS.....	24
5.2. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA .....	24
5.2.1. DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES .....	24
5.2. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO .....	25
5.2.3. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.....	26
5.2.4. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS .....	27
5.3. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR E AS SÚAS CORRECCIÓNS..	28
5.3.1. CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	29
5.3.2. CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA .....	29
5.3.3. PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA .....	30
5.4. PROCEDEMENTOS E MEDIDAS CORRECTORAS.....	31
5.4.1. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	32

<b>5.4.2. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA .....</b>	<b>33</b>
<b>5.4.3. PROCEDEMENTOS DE CORRECCION DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.....</b>	<b>34</b>
<b>5.5. CIRCUNSTANCIAS QUE ATENÚAN A RESPONSABILIDADE .....</b>	<b>34</b>
<b>5.6. CIRCUNSTANCIAS QUE AGRAVAN A RESPONSABILIDADE.....</b>	<b>35</b>
<b>5.7. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS .....</b>	<b>35</b>
<b>6. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>35</b>
<b>7. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS DO ENTORNO.....</b>	<b>37</b>
<b>8. DIFUSIÓN, SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO LAN DE CONVIVENCIA....</b>	<b>38</b>
<b>PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.....</b>	<b>40</b>
<b>1. SITUACIÓN ACTUAL RESPECTO AO ACOSO .....</b>	<b>40</b>
<b>2. PROTOCOLO OFICIAL DE ACTUACIÓN .....</b>	<b>41</b>
<b>3. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN .....</b>	<b>42</b>
<b>3.1. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN NO CENTRO .....</b>	<b>42</b>
<b>3.2. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN NA AULA .....</b>	<b>43</b>

## INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia é o documento no que se articulan as liñas xerais do modelo de convivencia que o Centro quere implantar, os obxectivos específicos que precisamos alcanzar, as normas que nos regulan e as actuacións que se deben realizar para a consecución deses obxectivos.

Recóllense nel os fins e principios establecidos na Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas, sobre a base dun diagnóstico previo das necesidades actuais, e debe constituir a guía reguladora de toda a comunidade educativa de cara a potenciar a adquisición das habilidades necesarias para un adecuado clima de convivencia, fomentando a igualdade, o respecto ás diferencias, a resolución dos conflitos de forma pacífica, a mediación, a responsabilidade e a participación crítica e activa no centro e na sociedade.

### 1.- PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS DUN PLAN DE CONVIVENCIA

#### 1.1.-PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS

Os fins e principios informadores das normas sobre convivencia nun centro de ensino veñen sinalados polo **artigo 3 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:**

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as

condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A co-responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Estes principios e obxectivos están desenvolvidos no artigo 12 do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, **de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**:

a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## **1.2.- A NOSA LECTURA DA LEI DE CONVIVENCIA E A FUNCIÓN DO PROFESOR**

A nosa lectura da Lei da Convivencia e a función do profesor no marco desta lei parte do suposto que a boa convivencia, as boas relacións en todos e entre todos os estamentos que forman a comunidade educativa son un elemento clave para o bo funcionamento dun centro de ensino, e, evidentemente, esa convivencia terá consecuencias nos resultados académicos do alumnado como pretende esta nova normativa.

A filosofía desta lei e os obxectivos que se propón son, sen dúbida, moi ambiciosos: van dende o fomento das boas relacións, da resolución amistosa dos conflitos á

potenciación de actividades que favorezan o crecemento harmonioso do alumnado. Isto quere dicir que sexamos capaces de axudar aos nosos alumnos e alumnas na xestión da súa afectividade e da súas habilidades sociais e de relación, o que Goleman popularizou baixo o nome de intelixencia emocional.

Todo un reto xa que a nosa formación se limita á experiencia que adquirimos primeiro como alumnos e como profesores. Pero tamén é certo que se eliximos traballar con alumnos e alumnas é porque a transmisión de coñecementos e a formación dos xoves nos ofrece algunha ou moita satisfacción, con todo o que isto significa.

Un bo marco de convivencia e unha boa relación profesor-alumnado favorecen que a transmisión de coñecementos funcione mellor. Freud dicía que tamén aprendemos por amor, probablemente a imitación, identificación e admiración desempeñen un papel importante no feito educativo. **Neste modelo de convivencia o rol do Profesor, ademais da función de transmisor de coñecementos, ten dúas vertentes significativas:**

- 1) **Colaborar no crecemento do alumnado**, alimentando os seus soños e as súas ilusións, axudándolle a xestionar a súa afectividade ás veces conflitiva e fomentando as súas habilidades sociais, nunha palabra, promovendo o que os teóricos da intelixencia emocional chaman capacidade para sentir, entender, controlar e modificar estados anímicos propios e alleos o que se traduce en procurar que o alumnado sexa capaz de:
  - Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto en relación coas emocións dos demais.
  - Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros.
  - Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras.
  - Ser asertivos, con criterio propio, superando a timidez e a inseguridade.
  - Identificar as situacións de violencia, abuso e/ou acoso.
  - Rexeitar adecuadamente as personalidades tóxicas e non valorar os seus modelos de comportamento.

**2) Encarnar con dignidade no seu modo de actuar a figura do “referente”**, asumindo o rol que lle atribúe a lei, é dicir, recordando sempre en todos os espazos do Instituto, coa súa presenza digna o estilo do Instituto e que existen unhas normas e uns límites que todos debemos respectar

Unha función que o Profesor debe realizar con dignidade e con respecto pero tamén con firmeza no marco da comunidade, asumindo de maneira plenamente consciente a súa importancia e o seu significado.

Esa presenza digna, que non se traduce necesariamente en palabras é tan indispensable como a existencia duns límites, dunhas normas.

As orientacións da Consellería de Educación para a elaboración dun Plan de Convivencia insisten en que non debe entenderse como unha tarefa meramente burocrática nin como a elaboración dun simple código de deberes, obrigas e sancións senón que “debería supor a oportunidade de reflexionar sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa”. Por outra parte insiste tamén en que non debe ser un documento pretencioso senón “realista, útil, dinámico e adaptado ás necesidades de cada centro”.

Este proxecto de plan de convivencia pretende ser fiel a estas orientacións, tendo en conta as características do noso Instituto, integrando as aportacións do novo profesorado e das novas xeracións de alumnado e de nais e pais de alumnas e alumnos, e aborda os distintos apartados que indica o decreto 8/2015 que desenvolve a lei de Convivencia.

Finalmente dúas reflexións:

- a preocupación pola forma tanto de relacionarse como de transmitir coñecementos non debe obviar a importancia dos principios a ter en conta en toda relación humana nin a dimensión dos coñecementos que debemos transmitir. A forma nunca debe ocultar o fondo senón colaborar en darlle unha meirande visibilidade.
- a insistencia en normativizar e pautar en exceso, a miúdo non conduce na práctica de cada día a mellorar a convivencia nin a calidade do ensino. As propostas ás veces moi ríxidas das programacións poderían servir de exemplo.



(Bibliografía para profundizar nestas reflexións sobre educación, emocións e sentimentos:

“Psicopedagogía de las emociones” e “Orientación, tutoría y educación emocional”, Rafael Bisquerra;

“Cómo actuar con un adolescente en crisis?”, J.-D. Nasio;

“Inteligencia emocional”, “Focus”, “Emociones destructivas, Diálogos con el Dalai Lama” Daniel Goleman, coordinador);

“Ética (3ª parte)”, Bento Spinoza)

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

### 2.1.- QUE SOMOS E COMO SOMOS?

A resposta a esta pregunta será o punto de partida deste plan de convivencia.

O que define o IES Rosalía de Castro, é dicir os seus sinais de identidade, fóronse elaborando nun contexto moi concreto formado polos **edificios** nos que está radicado o Instituto, o **contorno xeográfico** da cidade onde se sitúan estes edificios, o **alumnado e as súas familias** e, como non, o **profesorado e o persoal non docente**.

#### **Os edificios**

*O edificio principal* no que está instalado o Instituto Rosalía de Castro practicamente desde a súa creación é o *Pazo de San Clemente*, ao que podemos aplicarlle o cualificativo de *edificio cultural*. Edificio cultural polo seu enorme valor arquitectónico, foi construído en 1605 por legado do Arcebispo Juan de San Clemente co obxectivo de albergar o Colexio Maior San Clemente de pasantes. A partir de 1939, o instituto Rosalía de Castro será o herdeiro desa tradición centenaria de servizo educativo á cidade de Santiago.

*Os edificios secundarios*, o pavillón polideportivo e o auditorio, obras do arquitecto alemán *Paul Kleihues*, inaugurados en 1993 son tamén de recoñecido valor arquitectónico.

## **O contorno xeográfico**

Un centro educativo situado no centro urbán, na zona histórica e monumental coñecida como “casco vello” e na que se encontran moitos dos centros educativos privados da cidade.

## **O alumnado e as súas familias**

*No Instituto Rosalía de Castro* cursan estudos arredor de 1200 alumnas e alumnos, distribuídos 450 na ESO, 360 en bacharelato ordinario e o resto nas ensinanzas de adultos e nos ciclos superiores de Formación Profesional.

O alumnado da ESO procede maioritariamente do centro adscrito, o colexio Pío XII. Tres dos catro grupos de 1º de ESO veñen directamente do devandito colexio e o cuarto grupo ten a súa orixe nos diferentes colexios públicos e privados da cidade.

A metade do alumnado de bacharelato ordinario procede dos centros privados do contorno, sobre todo do colexio das Orfas e do colexio de Cluny.

A importante oferta de prazas en bacharelato, que duplica as necesidades de continuidade do alumnado da ESO, está relacionada coa aposta do “Rosalía de Castro” por recoller alumnas e alumnos dos centros privados do seu contorno xeográfico.

O estrato social ao que pertence o alumnado da ESO e do bacharelato ordinario é maioritariamente (80%) a clase media preocupada en liñas xerais pola educación dos seus fillos. O alumnado dos ciclos é mais variado e elixe esta modalidade de ensino buscando unha máis pronta inserción no mercado laboral. O alumnado da ensinanza de adultos está formado, ben por alumnado traballador ou ben por alumnado que desconectou nalgún momento do Sistema Educativo.

Os pais e nais de alumnos están organizados na ANPA do Rosalía, sen dúbida unha das mais numerosas e activas do ensino secundario galego. Á súa colaboración débelle o Instituto algúns dos seus importantes logros.

## **Persoal do Centro (profesorado e persoal non docente)**

O Profesorado do Instituto Rosalía de Castro ademais de pola súa preparación caracterízase por encontrar neste centro o seu destino definitivo do que, en principio, non pensa cambiar. O mesmo sucede co Persoal non docente.

Esta vocación de permanencia favorece, sen dúbida, unha meirande identificación co centro e unha implicación máis intensa na vida e nos proxectos do Instituto.

Estes diferentes elementos que acabamos de analizar foron cristalizando nun estilo de instituto e nuns sinais de identidade, que tamén se chaman cultura de centro, que deben ser, como en calquera outra empresa, o punto de partida de calquera proxecto de actuación e tamén do plan de convivencia do Centro

Estes serían os elementos característicos que inciden no **estilo do centro**:

- **Uns edificios culturais** como os do “Rosalía de Castro” teñen unhas consecuencias non só no imaxinario colectivo, no que significa ser herdeiro dunha valiosa historia cultural e estar á altura desa historia, senón tamén no que significa valorar, coidar e desfrutar dun contorno arquitectónico tan prezado. Aí iniciase esa cultura do respecto e do coidado do edificio que toda a comunidade educativa comparte.
- **Un contorno xeográfico** no que se encontran moitos dos centros privados da cidade esixe competir con eles tanto desde o punto de vista académico como do das actividades complementarias.
- **Un alumnado** que provén maioritariamente de familias de clase media preocupadas pola educación dos seus fillos facilita un determinado traballo educativo pero tamén é máis esixente a todos os niveis. Iso tamén impulsou ao Instituto a elaborar proxectos novidosos que no día a día resultasen atractivos e que chegasen a todo o alumnado, chámense Bacharelato Internacional, Premio Arcebispo San Clemente, Premio Bento Spinoza, club deportivo, un proxecto lingüístico ambicioso ou recentemente o Premio Stephen Hawking.
- **Un Persoal do Centro** con vocación de permanencia e comprometido co Instituto favorece os proxectos a longo prazo.

Nin o Club Deportivo, nin o Premio San Clemente, por citar algúns destes proxectos, serían posibles sen ese compromiso e esa vocación de permanencia. Por outra parte, varios destes sinais de identidade reflíctense no día a día do centro:

-Respecto polos edificios e polo seu contido, por exemplo, o mobiliario, as exposicións que periodicamente se realizan nos corredores do Centro.

-Preocupación polos resultados académicos e a participación activa en concursos, olimpiadas e diferentes proxectos ambiciosos.

Moitas das liñas de actuación do “Rosalía de Castro están marcadas consciente ou inconscientemente por estes sinais de identidade, e empuxaron a formar un estilo de Centro facilmente recoñecible e que deben terse en conta á hora de elaborar un plan de convivencia.

## **2.2. COMO ESTAMOS NO MARCO DA CONVIVENCIA?**

Para contestar a esta pregunta utilizamos a enquisa realizada o curso pasado pola Administración aos distintos sectores do Instituto, a opinión do profesorado a través da avaliación dos titores despois da primeira avaliación, a opinión dos representantes do alumnado e dos pais e nais de alumnos no Consello Escolar, a opinión do persoal non docente, o comportamento do alumnado en viaxes, intercambios e estadias longas neste primeiro trimestre, os casos de acoso e finalmente as sancións aplicadas neste curso.

**1. A enquisa realizada pola Administración** no curso pasado aporta os seguintes resultados sobre a convivencia no noso Instituto:

A convivencia considérase, en liñas xerais, moi positiva. Soamente se sinalan conflitos puntuais que se concretan en conflitos verbais e en ningún caso se citan agresións físicas. A fórmula de resolución de conflitos e de aplicación de sancións polo non respecto das normas é apoiado pola maioría da Comunidade Educativa.

Os pais e nais de alumnos e os alumnas sinalan nunha porcentaxe importante, ao redor dun 17%, que ás veces desaparecen pertenzas do alumnado.

Todos os membros da Comunidade Educativa consideran que se coida con respecto o Centro e o material, incluso a limpeza aínda que se recoñece que, ás veces, se tira lixo ao chan.

O Centro funciona cun número moi reducido de normas de convivencia que todo o mundo asume.

O coñecemento das normas de funcionamento do Centro, dos deberes e obrigas polos membros da Comunidade Educativa considerase tamén satisfactorio.

## **2. A opinión do profesorado a través da avaliación dos titores**

Nas reunións de titores pos-avaliacións tanto do curso pasado como do primeiro trimestre deste curso considerouse que non é significativa a conflitividade entre o alumnado pero que hai dificultades para traballar en determinados grupos. As dificultades máis grandes aparecen en 3º e 4º da ESO.

## **3. A opinión dos representantes do alumnado**

O alumnado considera que a convivencia é moi boa, que non hai conflitividade entre o alumnado. Os problemas que sinala son as dificultades de funcionamento na aula dalgúns grupos e tamén as dificultades de relación profesor-alumnado en determinados grupos.

## **4. A opinión dos representantes dos pais**

Os representantes de pais e nais consideran positiva a convivencia do Centro pero insisten nas dificultades de relación nalgúns casos entre profesores e grupos de alumnado. Tamén insisten en desviacións importantes de notas en determinados casos o que provoca relacións conflitivas entre alumnado e profesores

## **5. A opinión do persoal non docente**

Segundo a enquisa realizada pola Administración no curso pasado, o persoal non docente considera moi positiva a convivencia do centro e valora positivamente a presenza de profesores e dirección do centro nos distintos espazos así como o respecto das normas de convivencia por parte de todos os membros da comunidade.

## **6. O comportamento do alumnado**

O comportamento do alumnado en viaxes, intercambios e estadias longas neste primeiro trimestre pode considerarse moi bo o que é moi significativo do clima existente no centro.

## **7. O acoso escolar**

O que podemos chamar acoso insinúase a veces pero a posta en marcha do protocolo de acoso do Centro evita calqueira atisbo de continuidade.

## **8. Intervencións de dimensión terapéutica**

Catro alumnos necesitaron apoio terapéutico neste primeiro trimestre.

## **9. As sancións aplicadas**

O número de sancións aplicadas neste primeiro trimestre (permanencia na aula ou en Xefatura de Estudos durante o recreo ou expulsión do Centro dun día a tres días) é moi reducido. Nos últimos cursos non se abriu ningún expediente disciplinario.

## **10. Conclusión**

Os sinais de identidade do Instituto traducidos no respecto do edificio e do seu contido, na preocupación dos resultados académicos e na participación activa en proxectos significativos son elementos favorables para unha boa convivencia. Por outra banda, as aportacións dos distintos sectores da comunidade educativa sinalan un bo clima de convivencia en liñas xerais pero con algúns puntos que necesitan mellorar:

- O funcionamento na aula de determinados grupos, sobre todo na ESO
- O número de conflitos esencialmente verbais na ESO
- As relacións profesor-alumnado en determinados grupos
- A oferta pautada dun marco terapéutico para o alumnado que o necesite.

## **2.3.- ACTUACIÓNS REALIZADAS PARA FAVORECER O ACTUAL MARCO DA CONVIVENCIA.**

### **-Presenza dos profesores e dos membros do equipo directivo.**

Esta presenza é fundamental nos diferentes espazos do Centro: corredores, patio, espazos deportivos e cafetería xa que recorda as normas que todos debemos respectar e asumir.

### **-Avaliacións regulares do Centro.**

Estas avaliacións realízanse periódicamente, en relación a convivencia e a outros temas de orden académico e de actividades do Centro.

### **-Recollida de información do alumnado.**

De cara a ter un mellor coñecemento do alumnado de novo ingreso en 1º de ESO, cada mes de xuño do curso precedente o Departamento de Orientación reúne cos titores de 6º do Centro de Primaria adscrito, CEIP Pío XII, que proporciona o 75 % do alumnado matriculado en 1º da ESO.

### **-Agrupamentos heteroxéneos.**

A información recabada tómase en consideración para a formación dos grupos en 1º de ESO xunto cos seguintes criterios:

- Equilibrio no número de nenos/nenas por grupo.
- Misturar alumnado procedente dos distintos centros e dos distintos grupos do centro adscrito, procurando que ninguén quede aillado.
- Repartir de forma equilibrada nos distintos grupos os alumnos segundo o seu rendemento académico e ás súas necesidades educativas específicas.
- Equilibrar o número de repetidores e/ou alumnado con materias pendentes.

### **-Actividades orientadas á educación en igualdade.**

-Charlas de Educación afectivo-sexual para alumnado de 3º da ESO, favorecendo unhas relacións de igualdade e non sexistas.

-Presentación en 1º de Bacharelato das distintas campañas levadas a cabo pola Dirección Xeral da Xuventude, en relación a unhas relacións afectivas sexuais igualitarias.

-Exposicións e numerosas actividades ao redor do ***Día contra a violencia de xénero*** nas que participan alumnas e alumnos das diferentes etapas educativas do Instituto.

### **-Actividades para sensibilizar nos casos de acoso e intimidación entre iguais.**

-Charlas temáticas sobre a convivencia, bullying e o bo uso das redes sociais en 1º e 2º da ESO realizadas por equipos especializados da Dirección Xeral da Policía Nacional.

**-Actividades para previr, detectar, mediar e resolver o conflitos.**

-No marco do Plan de Acción Titorial trabállase co alumnado a resolución dos conflitos de forma pacífica e construtiva.

-Programas específicos para aqueles alumnos ou grupo de alumnos máis necesitados tales como: *Entrenamento no control da conduta, Mellora da autoestima e do autoconcepto e Entrenamento en habilidades sociais.*

**-Actividades diversas que favorecen as relacións e habilidades sociais, a resolución de conflitos e o respecto das normas, organizadas polos distintos departamentos.**

-Actividades **deportivas**: organizadas no día a día polo departamento de Educación Física en horario escolar

-Actividades deportiva organizadas no marco do Clube Deportivo.

-Actividades **teatrais**: organizadas polo departamento de Dinamización Lingüística que promove tres grupos de teatro

-Actividades do **campo lingüístico, literario e científico** que favorecen a participación do alumnado en debates con escritores, científicos, etc.

-Actividades de grupo relacionadas con **proxectos científicos**.

-Actividades relacionadas coas **viaxes, intercambios e estadias**

-Actividades relacionadas coa **solidariedade e o servizo á comunidade**: recollida de alimentos, campaña de concienciación contra a fame, colaboración activa con distintas ONGS, prestación de servizos en Residencias da 3ª idade e no Hospital Psiquiátrico de Conxo.

**-Acción titorial. Desenvolvemento da acción titorial nos seguintes puntos:**

Valoración da importancia que a acción titorial ten sobre a conduta e os resultados académicos dos distintos grupo-clase.

-Análise das normas de convivencia do Centro e elaboración de normas específicas concretas para o grupo-clase.

-Coordinación da acción titorial polo dpto. de orientación e a xefatura de estudos, por niveis.



-Simplificación das tarefas burocráticas dos titores con programas informáticos de comunicación de faltas ao móbil dos pais

-Coordinación co equipo directivo e coa comisión de convivencia no relativo ás correccións individuais, propostas de mellora e prevención.

## **2.4.- CONCLUSIONES.**

- A presenza dos profesores e da dirección do centro nos espazos do instituto desempeña un papel primordial no desenvolvemento da convivencia.

- A avaliación dos titores permite tomar decisións rápidas axeitadas aos diferentes problemas.

- As actividades organizadas polo departamento de Orientación que se refiren á Sensibilización e Prevención son sen lugar a dúbidas moi útiles, como tamén o importante número de actividades organizadas polos diferentes departamentos e polo Clube Deportivo que favorecen as relacións e as habilidades sociais.

- Por outra parte é fundamental desenvolver o Plan de Convivencia pautando todos os protocolos necesarios seguindo os modelos propostos pola Consellería de Educación, plan no que xa se está a traballar neste momento.

- Tamén é necesario promover actividades de formación no marco da intelixencia emocional orientadas ao alumnado e ao profesorado, xa que aínda que a convivencia é unha preocupación, non contamos cunha formación específica na resolución de conflitos. Faise necesario ter estratexias, que nos permitan detectar que situacións son as que provocan máis conflitos, para previlos e tamén saber intervir cando xurdan. É necesaria probablemente a axuda de profesionais que orienten aos membros da comunidade educativa que o desexen na prevención, mediación e na resolución pacífica de conflitos.

### 3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Contribuír dende o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal e tamén promover unha boa xestión da intelixencia emocional.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Valorizar a corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- *Promover actividades de formación no marco da intelixencia emocional orientadas ó alumnado e ó profesorado que o desexe.*
- *Insistir na función de referente do profesorado e no recoñecemento das súas facultades para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia.*
- *Mellorar o funcionamento da aula nos grupos que o precisen.*
- *Mellorar a relación profesor-alumnado nos grupos onde sexa necesario*
- *A oferta pautada dun marco terapéutico para o alumnado que o necesite.*

## **4. ACTUACIONES, MEDIDAS E PROGRAMAS A DESARROLLAR PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA**

### **4.1. ACTUACIONES, MEDIDAS E PROGRAMAS A DESARROLLAR.**

As actuacións, medidas e programas a desenvolver para favorecer a convivencia son as seguintes:

#### **-Medidas preventivas e de sensibilización.**

-Actividades de **acollida** para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, facilitando o coñecemento do estilo do centro e das normas de convivencia.

-Actividades para a sensibilización fronte aos **casos de acoso e intimidación** entre iguais, dirixidas á comunidade educativa a través de charlas e campañas, coa colaboración de especialistas ou con outras actividades que se consideren e poidan ofertarse. Estas actuacións figuran no **protocolo de prevención e detección do acoso** escolar do centro.

#### **-Actividades para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos**

Con estas actividades pretendemos que aprendan a resolver os conflitos de maneira construtiva. Educar para a convivencia supón promover a cultura de paz a través da difusión de valores e hábitos de convivencia democrática, especialmente a participación, o diálogo e a corresponsabilidade entre os diferentes integrantes da comunidade.

-A promoción da convivencia irá dirixida á difusión de valores, habilidades sociais e as estratexias necesarias para aprender a afrontar os conflitos de forma constructiva, e levarase a cabo no Plan de Acción Titorial con actividades dirixidas á mellora da convivencia, nos ámbitos da acollida, a autoestima, a integración, a diversidade e as habilidades sociais.

-Promoverase o Instituto como un espazo de paz, colectiva e individual, fomentando a búsqueda de solucións pacíficas e creativas para os conflitos diarios, tentando deter, disminuir e previr as manifestacións de violencia na vida diaria do centro e propiciando a reflexión, a análise e o debate nos conflitos escolares.

-Desde o **Plan de Acción Titorial** deseñaranse actividades formativas co alumnado para aprender a resolución pacífica dos conflitos seguindo os pasos de:

1. Saber que é un conflito
2. Manter a calma e reflexionar
3. Identificar o problema, buscar información.
4. Buscar todas as solucións posibles.
5. Prever as consecuencias dos ditos e actos.
6. Poñerse no lugar do outro.
7. Seleccionar os mellores medios para conseguir o obxectivo proposto.
8. Chegar a un acordo no que todos gañen.

-Actividades de conmemoración do día internacional da paz, como medida de sensibilización para a resolución non violenta dos conflitos en todos os ámbitos da vida.

-Establecemento dun procedemento futuro para a resolución dos conflitos mediante a mediación.

**-Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

Neste ámbito teranse en conta tres principios básicos:

-Visibilidade. Facer visibles as diferencias entre alumnos e alumnas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións e facer visible a contribución das mulleres ao desenvolvemento das sociedades. Facer uso dunha linguaxe non discriminatoria en función do sexo.

-Transversalidade. O principio de igualdade debe estar presente no conxunto de accións educativas e organizativas do centro.

-Inclusión. Intentar corrixir os desaxustes producidos pola desigualdade, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias.

-Conmemoraremos o día internacional contra a violencia de xénero con exposicións e participación en concursos de tuits, acollendo a presentación das distintas campañas levadas a cabo dende o centro Quérote+ da Dirección Xeral da Xuventude co fin de favorecer relacións de igualdade de xénero entre os adolescentes e impartindo charlas de educación afectivo-sexual igualitarias.

-Celebrarase o día internacional da muller traballadora con conferencias, debates, traballos e exposicións.

### **-Actividades encamiñadas a facilitar a integración, participación e implicación do alumnado, profesorado e familias.**

-Nas sesións de tutoría abordar o coñecemento da normas de convivencia do centro e a elaboración de normas específicas de cada grupo-clase.

-Fomentar a corresponsabilidade e a interacción entre o alumnado mediante traballos cooperativos en equipos heteroxéneos para as distintas materias.

-Potenciar o diálogo, o compromiso e a responsabilidade mediante a realización de asembleas e debates que impliquen chegar a acordos ou tomar decisións.

-Fomentar a participación democrática do alumnado a través dos seus representantes elixidos.

-Favorecer a convivencia nos espazos de xogo e deporte.

-Difundir a normativa relacionada coa convivencia no centro. ,

-Propiciar as entrevistas das familias cos profesores-titores e outro profesorado.

-Coordinarse con todos aqueles organismos que teñan relación co alumnado: servizos sociais, sanitarios...

### **-Medidas complementarias.**

O departamento de orientación en colaboración co titor ou titora de cada alumno, desenvolverá **programas específicos** que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais, mellorar a autoestima ou abordar outras temáticas, como complemento das medidas correctoras das conductas contrarias á convivencia e coa finalidade de mellorar a integración do alumnado no centro.

Está pendente de estudo a creación dunha **aula inclusiva**, aínda que as limitacións de espazos do centro dificultan esta posibilidade.

De forma progresiva incorporárase a estratexia da **mediación escolar** como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre os membros da comunidade educativa. De momento funcionan equipos de mediadores nas aulas de 1º de ESO, con funcións limitadas ao grupo-clase.

#### **4.2.- ÓRGANOS RESPONSABLES, PERSOAS DESTINATARIAS E PROCEDEMENTOS A SEGUIR.**

Para levar acabo as medidas e actividades previstas neste pllan cóntase coas actuacións do profesorado-titor e do conxunto do profesorado, departamento de orientación e equipo directivo. Os procedementos a seguir na maioría delas figuran no plan de acción tutorial e no protocolo oficial de actuación fronte o acoso escolar, pero outras están indicadas dentro do plan anual do departamento de orientación, no plan xeral de atención á diversidade e na programación anual do centro.

Os principais destinatarios destas medidas son o noso alumnado e as súas familias, pero tamén o resto da comunidade educativa.

Todos os membros da **comunidade educativa** son axentes responsables da convivencia escolare participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

O **consello escolar** elixirá aos representantes na **comisión de convivencia**, establecerá as directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro e anualmente encargárase do seguimento e da avaliación dos mesmos. Poderá propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa.

O **clastro do profesorado** realizará propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, participará na súa avaliación anual e propondrá actuacións de carácter educativo.

O **equipo directivo** do centro elaborará o plan de convivencia e realizará as actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión do mesmo; impulsará as actividades previstas e velará pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

A **xefatura de estudos** de forma específica coordinará e dirixirá as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro, velando polo desenvolvemento das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos distintos plans do centro. Promoverá o exercicio da mediación no centro e organizará a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase.

Os **órganos de coordinación docente**, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Estas medidas e acordos serán recollidos pola **comisión de coordinación pedagóxica** e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

## **5.- NORMAS DE CONVIVENCIA.**

As **normas de convivencia** terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr

un clima adecuado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

As normas de convivencia serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa, quedando recollidas no plan de convivencia; o equipo directivo, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das mesmas.

### **5.1. NORMAS DE CONVIVENCIA ACTUAIS.**

O Centro funciona fundamentalmente coas normas de convivencia que se estableceron no momento da elaboración do PEC e que se foron adaptando segundo as necesidades da comunidade educativa.

Estas normas son un resumo breve dos dereitos e deberes dos membros da comunidade e das normas fundamentais do funcionamento do Centro.

Son normas coñecidas e asumidas por todos e que figuran no PXA e que se orientan aos fins recollidos no apartado 1 deste documento.

### **5.2.- DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

No marco do establecido pola lexislación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se especifican:

#### **5.2.1.- Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.**

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.



d) A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

### **5.2.2.- Dereitos e deberes do alumnado.**

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

e) Participar a través dos órganos regulamentarios na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

### **5.2.3.- Dereitos e deberes do profesorado.**

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos pola lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do

profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

#### **5.2.4.- Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.**

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes

**dereitos:**

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.

Son **deberes do** persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

### **5.3. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR E AS SÚAS CORRECCIÓNS.**

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse en:

**-Conductas leves contrarias á convivencia.**

**-Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia.**

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de **delito ou falta penal**, a dirección do centro poñerá en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

### **5.3.1. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

Considéranse **condutas leves contrarias á convivencia**:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de indisciplina, os actos inxustificados e as actuacións perxudiciais que non alcancen a gravidade.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) Dificultar o desenvolvemento normal da clase.
- f) Non participar con atención e esforzo nas actividades da aula.
- g) Durante a realización de actividades de avaliación académica, non seguir as directrices específicas do profesorado.

### **5.3.2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**

Considéranse **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade

educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido pola lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos requiridos.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### **5.3.3. PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

#### **5.4. PROCEDIMENTOS E MEDIDAS CORRECTORAS.**

-As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

-Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

-Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

-A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

-Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

-O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

-Nos casos en que fose necesario, darase orientación psicopedagóxica ou requirirase asistencia terapéutica.

-Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o Departamento de Orientación, en colaboración co profesorado titor e as familias, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

-Co alumnado menor de idade, as familias deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten.

-Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

-Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar e as posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar.

#### **5.4.1. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes **medidas correctoras**:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- g) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os



deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

A imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levarase a cabo por: o profesorado, a titora ou titor, a xefatura de estudos ou a dirección do centro, segundo a clase de corrección que se aplique.

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia **prescriben aos catro meses** da súa imposición.

#### **5.4.2. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**

As condutas gravemente perxudiciais serán corrixidas coas seguintes **medidas correctoras**:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial,

étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas e) ou f) .

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes **prescriben ao ano** da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

#### **5.4.3.- PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**

-As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da **instrución dun procedemento corrector, que** poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **conciliado ou común**.

-Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información, e tendo en conta as características concretas da conduta que se vaia corrixir, as circunstancias da mesma, as características do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia.

-A dirección do centro informará ao profesorado titor e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

#### **5.5. CIRCUNSTANCIAS QUE ATENÚAN A RESPONSABILIDADE.**

a) O recoñecemento espontáneo da incorrección da conduta e a reparación espontánea dos danos producidos.

b) A falta de intencionalidade.

c) A petición de excusas.

## **5.6. CIRCUNSTANCIAS QUE AGRAVAN A RESPONSABILIDADE.**

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

b) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

## **5.7.- REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS.**

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

## **6. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**

A **comisión de convivencia** do noso centro constitúese no seo do consello escolar, integrando o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará **compuesta por** 2 representantes do alumnado, 3

representantes do profesorado, incluíndo a xefa do Departamento de Orientación, 1 representante das familias e 1 representante do personal de administración e servizos. Será presidida polo director del centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria o secretario, levantando acta das reunións.

**-Normas específicas de funcionamento.-** Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na lexislación educativa, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

**-Periodicidade das reunións.-** Alomenos realizaranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

**-Plan de actuación.-** A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa de cara ao desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor á dirección do centro as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros profesionais do sector.

## **7.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS DO ENTORNO.**

A nivel do centro considérase que todos os organismos de coordinación docente teñen un papel colaborador para a mellora da convivencia.

Moitas das actividades aquí exportas son realizadas polos **departamentos didácticos**, que se coordinan na **Comisión de Coordinación Pedagóxica**, onde periódicamente se analiza o clima de convivencia das distintas aulas e etapas educativas do centro.

Dende a **xefatura de estudos** e o **departamento de orientación** se leva a cabo o plan de acción titorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas cos **profesores titores** por niveis educativos.

As **familias** dos alumnos teñen unha gran presenza no centro, acudindo ás sesións de

acollida e reunións por grupo-aula de forma maioritaria, solicitando frecuentemente reunións cos profesores-titores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando naas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios...

A súa presenza é numerosa nas sesións de apertura de curso, festivais e premios e nos actos de fin de curso dos alumnos que rematan o bacharelato.

A ANPA do centro colabora activamente co Centro.

Con **outros centros educativos e organismos do contorno** realízase unha coordinación presencial ou telefónicamente sempre que se considere necesario en especial cos Servizos Sociais do Concello, Universidade, CHUS, UMAD, Centro Quérote+, Policía Nacional, Consellerías, Centros de Primaria ou Secundaria. Así mesmo solicítanse intervencións e coordinámonos con organismos de ámbito provincial como o Equipo de Orientación Específico de A Coruña e o Equipo Sur de Menores.

## **8.- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Para levar a cabo este plan precísase da participación activa do alumnado, a colaboración das familias e da complicidade e traballo do equipo de profesores.

Unha vez aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, difundirase a todos os membros da comunidade escolar utilizando todos os medios dispoñibles.

Publicarase na páxina web do centro e adicaranse sesións de tutoría específicas para que os alumnos e alumnas o coñezan.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

O seguimento do plan correrá a cargo da Comisión de Convivencia. A avaliación realizarase de maneira contínua, mediante a observación, intercambio de opinións e cuantificación de indicadores entre os diferentes sectores da comunidade educativa, ao longo do ano.

O consello escolar aprobará a memoria do plan de convivencia, que quedará reflexada na memoria anual do centro, e servirá de referencia para as oportunas modificacións

do presente Plan de Convivencia.

Na devandita memoria reflexarase:

1. O grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa.
2. O grao de desenvolvemento das actividades propostas.
3. As Incidencias no centro, distribuídas por niveis educativos.
4. As medidas adoptadas.
5. A resolución de conflitos xenerados.
6. Os casos de acoso escolar detectados.
7. As propostas de mellora.

# **PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.**

## **1.- SITUACIÓN ACTUAL RESPECTO AO ACOSO.**

No noso centro realízanse periódicamente actividades de sensibilización do profesorado, familias e alumnado contra o acoso escolar, co fin de axudar a previlo e preparar a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a él.

Dentro do Plan de acción titorial contéplase a sensibilización ante os temas de acoso, ciberacoso ou bullying, con accións a través dos titores, departamento de orientación ou especialistas externos como a Policía Nacional ou os técnicos da Dirección Xeral da Xuventude.

O Departamento de Plastica colabora na realización de exposicións de comics realizados polos alumnos da ESO sobre o acoso escolar e que sirven de reflexión a toda a comunidade educativa..

As posibles vítimas de acoso contan con numerosas canles para facilitar a exteriorización da situación de acoso escolar, protexendo a súa intimidade e garantindo unha intervención consensuada e coordinada coa familia, e implicando ao titor ou titora, departamento de orientación, equipo directivo e comisión de convivencia . Estase estudando a posibilidade de instalar un buzón para este fin.

Ante a detección dunha situación de acoso escolar e para darlle fin, sen perxizo das correccións disciplinarias que correspondan, o noso centro leva a cabo unha actuación rápida e decidida por parte do equipo directivo, que ten os seguintes puntos fortes:

- Prohibición terminante de acercarse á presunta vítima por parte do presunto agresor.
- Comunicación clara de que á mínima reincidencia levará consigo a expulsión do Centro ou a posible denuncia perante as autoridades competentes.
- Protección total para a presunta vítima.
- Reunión do director e da xefa de estudos co grupo ou grupos de alumnado



relacionados.

-Información inmediata ás familias dos interesados esixindo a súa colaboración.

-Posta en coñecemento ao Departamento de Orientación por se se precisasen medidas de apoio persoal cos alumnos implicados, e en especial proporcionar atención á vítima.

Todas estas actuacións realízanse inmediatamente, unha vez coñecidas as sospeitas. Nunca foi necesario pasar á seguinte fase de actuación xa que sempre se acadou unha solución conciliada que deixou satisfeita a todas as partes.

## **2.- PROTOCOLO OFICIAL DE ACTUACIÓN.**

Así mesmo, o centro utilizará un **protocolo oficial de actuación** ante os posibles casos de acoso que permite abordar de forma sistemática a detección e resolución do problema, seguindo o *Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de novembro de 2015*, no que se establecen **catro fases diferentes** para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, e se facilitan **dezaseis anexos** para cumprimentalas.

fase segunda: recollida de información e rexistro.

fase terceira: análise da información e adopción de medidas.

fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

A dirección do centro dirixirá todas as actuacións derivadas do presente protocolo e toda a información que figure nos documentos empregados e se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

### **3.- ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN.**

A Prevención debe ser asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro, e de forma específica intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas. Levarase a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes e polo equipo directivo e co apoio do departamento de orientación, e transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

#### **3.1.- Estratexias organizativas e de prevención no centro.**

As principais estratexias organizativas e de prevención que consideramos no noso centro son:

- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Solicitar o apoio e o asesoramento da orientadora ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das normas, e garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións ou un posible correo

electrónico de solicitude de axuda.

-Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas.

-Mellorar as zonas de ocio e organizar xogos.

-Introdución de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.

-Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.

-Formación do alumnado en técnicas de resolución pacífica de conflitos.

-Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso.

-Formación do profesorado alumnado e familias na sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC.

-Posta en marcha dun tempo de formación no propio centro creando un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

### **3.2.- Estratexias de prevención na aula.**

Dentro do do Plan de Acción Titorial pódense potenciar numerosas estratexias de prevención a nivel de cada grupo-clase:

-Elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.

-Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a relacións no grupo, fomento da amizade, sensibilización fronte ao maltrator, respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos e compañeiros.

- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
- Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación.
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.